

CARTA DA PLATAFORMA POLA DEFENSA DA RÍA ÁS EMBAIXADAS DE

- Holanda
- Gran Bretaña
- Francia

Estimados Srs.,

No estreito de Rande, na ría de Vigo, están ubicados os restos da batalla de Rande, acontecida en 1702, entre as escuadras anglo-holandesa e franco-española. Esta batalla e os seus restos teñen sido investigados dende un punto de vista histórico, naval e arqueolóxico. O punto de vista arqueolóxico é especialmente importante, pois existen navíos afundidos, según observacións de mergulladores da zona hai concretamente 28 buques, formando un conxunto que consideramos que debe ser protexido como patrimonio

Ley 8/95 de 30 de Outubro de Regulación do Patrimonio Cultural de Galicia, manifiesta en su artículo 3.2. que “cualquier persona física está lexitimada para actuar en defensa do Patrimonio Cultural de Galicia ante as Administraciones Públicas”, e o art. 9 da mesma lei, se manifiesta que a inicialización do expediente de declaración de Ben de Interese Cultural poderá realizarse a instancia de parte. A Plataforma pola Defensa da Ría ten esixido como parte interesada, con data de 6 de Agosto do 2001, á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a declaración de Ben de Interese Cultural.

Ademáis o art. 46 da Constitución Española establece que “Los poderes públicos garantizarán la conservación y promoverán el enriquecimiento del patrimonio artístico, cultural y natural de España y de los bienes que los integran”. Esiximos que este artigo sexa respetado e aplicado para o caso dos restos arqueolóxicos de Rande.

Finalmente, o convenio internacional da UNESCO (08/07/2001) asinado pola maioría dos países europeos, obriga e compromete ós países asinantes a protexer os restos de buques de guerra, galeóns e demais enseres de máis de cen anos de antigüidade, especialmente se ostentaron pabellón estranxeiro, pois considéranse patrimonio arqueolóxico internacional.

Consideramos que existe suficiente lexislación como para impedir que se realicen proxectos que atenten contra este patrimonio histórico internacional. Especialmente, os proxectos de recheo que se plantexan para o litoral da ría de Vigo, algúns de elevadas dimensións como o do Areal, terán como consecuencia o deterioro ambiental e deste valioso patrimonio. Dende a Plataforma esixiremos, con base á lexislación española e galega, que o Estado Español e a Comunidade Autónoma Galega, defenda os restos de Rande. E, con base no convenio da UNESCO, de ámbito internacional, que aqueles países ós cales en orixe pertencían os restos afundidos, esixan a protección dos mesmos.

Asdo: Eloy Piñeiro Hermida
Presidente da Plataforma pola Defensa da Ría de Vigo “Cíes”